

## INFORME DE ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

### Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

#### CURSO 2023-2024

---

#### Índice

I.	Información xeral	2
II.	Coordinación	2
III.	Accións de coordinación	3
	3.1. Calendario de xestión da planificación académica	3
	3.2. Reunións de coordinación da CAM	4
	3.3. Accións académicas docentes: PDA-POD, Guías Docentes, Horarios, Convalidacións, TFM, Prácticas, Admisión de alumnos	6
	3.4. Accións académicas da titulación: Promoción e publicidade, Sesión de Orientación e Acollida, Conferencia Inaugural, Sesións informativas de TFM, Sesión informativa de Prácticas, Sesión informativa de Saídas Profesionais, Modificación non substancial do Título/Memoria, Renovación do responsable do PAT, Bolsas propias de Mobilidade	9
IV.	Conclusións	10

## I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Historia
Modalidade Plano de estudos	Semipresencial - <i>Online</i> Curso 23-24: Plan 2018
Curso de implantación	2014/2015
Edicións do Mestrado	10ª edición

## II. COORDINACIÓN



Coordinación de título	Fermín E. Pérez Losada		
Coordinadores de módulo docente	Módulo	Coordinador	Centro
	Módulo 1	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Módulo 2	Joaquín Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Módulo 3	Beatriz Comendador Rey	Facultade de Historia
	Módulo 4 (Practicum+TFM)	Domingo Rodríguez Teijeiro	Facultade de Historia
CAM	Cargo	Responsable	Centro
	Coordinador	Fermín Pérez Losada	Facultade de Historia
	Secretario/a	Mercedes Solla Carracelas	Esc. Enx. Minas e Enerxía
	Vogal	Belén Riveiro Rodríguez	Escola Enxeñaría Industrial
	Vogal	Adolfo Fernández Fernández	Facultade de Historia
	Vogal	Elena de Uña Álvarez	Facultade de Historia
Vogal	Joaquín Martínez Sánchez	Esc. Enx. Minas e Enerxía	

**III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN****3.1. CALENDARIO DE XESTIÓN DA PLANIFICACIÓN ACADÉMICA  
(CURSO 2023-2024)**

TAREFA	RESPONSABLE	DATAS
Elaboración e aprobación PDA e oferta prazas Máster 23-24	CAM / Xta. Fac.	Marzo 2023
Elaboración e aprobación POD curso 23-24	CAM / Cons. Dep.	Maio 2023
Elaboración, revisión e aprobación de Guías Docentes 23-24	Profesorado / Coord.	Xullo 2023
Listaxe valorada de admisión no Máster 23-24 (1º prazo)	CAM	Xullo 2023
Aprobación do calendario xeral, horarios, probas de avaliación, cronograma de Prácticas e calendario / cronograma de convocatorias, depósito e defensa de TFMs 23-24	CAM	Setembro 2023
Listaxe valorada de admisión no Máster 23-24 (2º prazo)	CAM	Setembro 2023
Sesión de orientación e acollida para o novo alumnado do curso 23-24	Coord. / CAM	Setembro 2023
Listaxe valorada de admisión no Máster 23-24 (3º prazo)	CAM	Outubro 2023
Programación e execución do PAT 23-24	Respons. PAT / CAM	Outubro 2023 – Outubro 2024
Sesión de presentación ao alumnado de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado 23-24	Respons. TFM / Coord.	Outubro 2023
Sesión informativa das Prácticas curso 23-24	Respons. Prácticas / Coord.	Outubro 2023
Conferencia inaugural do Máster	Coord. / CAM	Novembro 2023
Aprobación de matrículas a tempo parcial	Coord. / CAM	Novembro- Decembro 2023
Aprobación de solicitudes de convalidación (1º prazo) 23-24	CAM	Novembro- Decembro 2023
Aprobación do balance económico do exercicio 2023 e da proposta de reparto de partidas para o exercicio económico 2024	CAM	Decembro 2023
Aprobación solicitudes de TFM para convocatoria adiantada	CAM	Decembro 2023
Listaxe definitiva de TFMs para convocatoria adiantada e asignación de tribunal xulgador 23-24	CAM	Xaneiro- Febreiro 2024
Aprobación de solicitudes de convalidación (2º prazo) 23-24	CAM	Febreiro-Marzo 2024







Listaxes provisionais e definitiva de asignación de prácticas 23-24	CAM	Marzo-Abril 2024
Listaxes provisionais e definitivas de asignación de títulos e titores/as de TFM para convocatorias ordinarias 23-24	CAM	Marzo-Abril 2024
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de xuño 2024	CAM	Xuño 2024
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de xullo 2024	CAM	Xullo 2024
Asignación tribunais e días/horas de actuación para defensa de TFMs convocatoria de setembro 2024	CAM	Setembro 2024
Aprobación Informe de coordinación	Comisión de calidade	Decembro 2024
Aprobación Informe de coordinación	CAM / Xta Fac	Decembro 2024


### 3.2. REUNIÓN DE COORDINACIÓN DA CAM

Data	Orde do día	Documento xustificativo
07/09/2023  CAM Ordinaria (Campus Remoto)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (26/06/2023; 19/07/2023; 27/07/2023)</li> <li>Aprobación, se procedese, da Listaxe Provisoria de admisión/exclusión no Máster para o curso 23-24, correspondente ao 2º prazo de inscrición (07/09/2023)</li> <li>Aprobación, se procedese, de asuntos de calendario/horarios para o curso 23-24: <ul style="list-style-type: none"> <li>Calendario xeral do Máster</li> <li>Calendario de Datas de Avaliación</li> <li>Calendario de Convalidacións (recoñecemento de créditos)</li> <li>Calendario de Convocatoria Adiantada</li> <li>Cronograma de Prácticas</li> <li>Cronograma diario <i>Google Calendar</i> de sesións <i>online</i>, actividades e probas de avaliación</li> <li>Calendario xeral do TFM e cronogramas/protocolos de depósito e defensa nas convocatorias de febreiro, xuño, xullo e setembro.</li> </ul> </li> <li>Asuntos de TFM: <ul style="list-style-type: none"> <li>Asignación de tribunal e día/hora de actuación para os TFMs depositado na convocatoria de setembro</li> </ul> </li> <li>Rogos e preguntas.</li> </ol>	 Acta_CAM_2023_09_07_rev.pdf
20/11/2023  CAM Ordinaria (Campus Remoto)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, das actas das CAM precedentes (26/06/2023; 19/07/2023; 27/07/2023; 07/09/2023)</li> <li>Informe do Coordinador (estado da matrícula; asuntos económicos; conferencia inaugural; calendario para PDA 24/25; Informe Coord. Curso 22-23; etc)</li> <li>Ratificación, se procedese, das seguintes listaxes de admisión/exclusión no Máster para o curso 23/24: <ul style="list-style-type: none"> <li>Listado de admisión-exclusión DEFINITIVO (2º prazo) 14/09/2023</li> <li>Listado de admisión-exclusión PROVISIONAL (3º prazo) 03/10/2023</li> <li>Listado de admisión-exclusión DEFINITIVO (3º prazo) 11/10/2023</li> </ul> </li> <li>Ratificación, se procedese, de solicitudes de matrícula a tempo parcial (N. Campos Ferro, L. López García, D. Moncada Patiño) no curso 23/24.</li> </ol>	 Acta_CAM_2023_11_20_rev.pdf

DO-0201 P1 anexo I de 29/11/2024:

Informe de acción de coordinación

	<p>5. Informe favorable, se procedese, para solicitudes de convalidación de Prácticas tramitadas no 1º prazo (Novembro 2023): alumnos J. Cobas Díaz, A. Gesteira Ponce e C. Pérez Prieto.</p> <p>6. Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos económicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Balance económico da execución do orzamento 2023 do Máster (pagamento prof. externo; conferencia inaugural; servizo mantemento web)</li> <li>Proposta de reparto do orzamento 2024 do Máster (30-10-2023)</li> </ul> <p>7. Aprobación, se procedese, de modificación non substancial da memoria do Máster por mor da súa adaptación á LOSU.</p> <p>8. Rogos e preguntas.</p>	
30/11/2023 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, do límite de prazas no Máster para o curso 24-25.</li> <li>Aprobación, se procedese, da PDA do Máster para o curso 24-25</li> </ol>	 Acta_CAM_2023_11_30_rev.pdf
21/12/2023 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, dos criterios e reparto de bolsa de horas do Máster para o curso 24-25.</li> <li>Aprobación, se procedese, da renovación do cargo de responsable do PAT do Máster</li> </ol>	 Acta_CAM_2023_12_21_rev.pdf
08/02/2024 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, da listaxe DEFINITIVA de TFMs autorizados para a súa defensa na convocatoria de Febreiro 2024 e de asignación de tribunais e días/horas de actuación.</li> <li>Aprobación, se procedese, da listaxe PROVISIONAL de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e tiores) para a súa defensa nas convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 2023-2024</li> <li>Informe favorable, se procedese, para matrícula a tempo parcial (2º cuatrimestre) solicitada pola alumna Katia Bedja.</li> </ol>	 Acta_CAM_2024_02_08_rev.pdf
20/03/2024 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Listaxe DEFINITIVA de TFMs autorizados pola CAM (asignación de títulos e tiores) para a súa defensa nas convocatorias ordinarias (xuño, xullo e setembro) do curso 2023-2024.</li> <li>Informe favorable para solicitudes de convalidación de Prácticas tramitadas no 2º prazo (Marzo 2024): alumnos J.P. da Cunha Lourenço e G. Sanmartín Silva.</li> <li>Listaxes, Provisional e Definitiva, de asignación de Centro e Titor/a de Prácticas para o curso 23-24.</li> </ol>	 Acta_CAM_2024_03_20_rev.pdf
03/05/2024 CAM Ordinaria (Campus Remoto)	<ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, das actas das 9 reunións precedentes da CAM (26/06/2023; 19/07/2023; 27/07/2023; 07/09/2023; 20/11/2023; 30/11/2023; 21/12/2023; 08/02/2024; 20/03/2024).</li> <li>Informe do Coordinador.</li> <li>Aprobación, se procedese, do POD do Máster para o curso 2024-2025.</li> <li>Rogos e preguntas.</li> </ol>	 Acta_CAM_2024_05_03_rev.pdf
17/07/2024 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	<p>Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aprobación, se procedese, das Guías Docentes do Máster (aplicación DocNet) para o curso 24-25.</li> <li>Aprobación, se procedese, da Listaxe Provisoria de admisión/exclusión no Máster para o curso 24-25, correspondente ao 1º prazo de inscrición (18/07/2024).</li> </ol>	 Acta_CAM_2024_07_17_rev.pdf

23/07/2024 CAM Extraordinaria (Virtual por mail)	Aprobación, se procedese, dos seguintes asuntos de trámite: PUNTO ÚNICO Aprobación, se procedese, da Listaxe Definitiva de admisión/exclusión no Máster para o curso 24-25, correspondente ao 1º prazo de inscrición (24/07/2024).	 Acta_CAM_2024_07_23_rev.pdf
--	--	--

### 3.3. ACCIÓNS ACADÉMICAS DOCENTES: PDA-POD, GUÍAS DOCENTES, HORARIOS, CONVALIDACIÓNS, TFM, PRÁCTICAS, ADMISIÓN DE ALUMNOS

#### ➤ PDA-POD

15/03/2023: Aprobación na CAM da PDA do para o curso 23-24.



Informe de PDA  
v1\_aprobCAM\_firma

05/05/2023: Aprobación na CAM do POD do Mestrado para o curso 23-24.



POD\_Master\_23-24\_  
DEF\_AprobCAM\_5-5

#### ➤ Guías Docentes (DocNet)

06/07/2023: Comunicación por mail a tódolos profesores coordinadores de materias, enviándolle un documento coas novidades e/ou indicacións do curso (avaliación continua / avaliación global; modificación da porcentaxe asignada á probas de avaliación; materias *English Friendly*) e solicitándolle a súa revisión.



Instruccions  
DocNet 23-24 Maste

06/07 a 14/07/2023: Revisión final do coordinador das guías docentes enviadas polo profesorado. Bloqueo final da aplicación unha vez que todas as materias estiveron revisadas.











Guía Docente  
23-24.pdf

17/07/2023: Aprobación das Guías Docentes na CAM.

### ➤ **Calendario, horarios, probas de avaliación, cronograma do TFM**

Xullo-Agosto/2023: Elaboración por parte do Coordinador do calendario xeral do Máster, do calendario de datas de avaliación, do cronograma de prácticas e do cronograma semanal de sesións, actividades e probas de avaliación. Tamén se elaboran o calendario xeral do TFM e os cronogramas e protocolos de depósito e defensa nas convocatorias adiantada e ordinarias.

 Calendario Convocatoria Adelar	 Calendario general master 2023-2024.pc	 Fechas límite Evaluación 2023-202	 Horarios 23-24.pdf
 HTCO3_Practicas_cr onog_2023-2024.pd	 Calendario general TFM curso 23-24.pd	 Cronog protoc actuac TFM Convoc	 Cronog protoc actuac TFM Convoc

Setembro/2023: Revisión e corrección puntual dos horarios e cronogramas segundo as alegacións recibidas dos profesores. Aprobación destes documentos na CAM celebrada o 07/09/2023.

### ➤ **Cronograma, tramitación e resolución de convalidacións (recoñecemento de créditos)**

Xullo-Agosto/2023: Calendario xeral de convalidacións 2023-2024.



Novembro/2023: Recoñecemento de créditos (convalidacións) presentadas no 1º prazo



Marzo 2024: Recoñecemento de créditos (convalidacións) de Prácticas presentadas no 2º prazo



### ➤ **Informes para matrícula a tempo parcial**

Outubro/2023: Informes favorables para matrícula a tempo parcial solicitada por 3 alumnos no 1º prazo (outubro 2023).

Febreiro/2024: Informe favorable para matrícula a tempo parcial solicitada por 1 alumna no 2º prazo (febreiro 2024)

➤ **Asignación e realización de Prácticas**

Marzo/2024: Listaxes, provisoria e definitiva, de asignación de Prácticas 2023-2024.



2024 Listado



2024 Listado

PROVISIONAL Practi DEFINITIVO Practica:

➤ **Aceptación de solicitudes e asignación de tribunais para lectura e defensa de TFMs.**

Xaneiro-Febrero/2024: Aprobación de listaxe definitiva de TFMs autorizados para Convocatoria Adiantada.



Listado TFMs  
autoriz CAM para Cc

Febrero/2024: Aprobación de asignación de Tribunais (unipersoais ou colexiados) e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs na convocatoria adiantada (febreiro 2024).



Asignacion  
tribunales conv febr

Febrero-Marzo/2024: Aprobación de Listaxe provisional (09/02/2024) e definitiva (20/03/2024) de solicitudes de titoración de TFM para convocatorias ordinarias.



Listado TFMs  
autorizados CAM Cc



Listado TFMs  
autorizados CAM Cc

Xuño-Xullo-Setembro/2024: Aprobación de asignación de Tribunais (unipersoais ou colexiados) e de día/hora de actuación para a lectura de TFMs nas convocatorias de xuño, xullo e setembro de 2024.



Asig trib conv xuño  
2024.pdf



Asig trib conv xullo  
2024 Correc. errores



Asig trib conv  
setembro2024.pdf

➤ **Admisión de alumnos/as para matrícula no Máster (1º e 2º prazo).**

Xullo-Setembro/2024: Publicación das listaxes definitivas de admisión de alumnos no Máster para o curso 24-25, tanto no 1º prazo (xullo) como no 2º (setembro), aprobadas nas CAM respectivas de 23/07 e 12/09 de 2024.



LISTA ADMISION 1º  
Prazo 23-07-2024 M:



LISTA ADMISION 2º  
Prazo 12-09-2024 M:



### 3.4. ACCIÓNS ACADÉMICAS DA TITULACIÓN: PROMOCIÓN E PUBLICIDADE, SESIÓN DE ORIENTACIÓN E ACOLLIDA, CONFERENCIA INAUGURAL, SESIÓNS INFORMATIVAS DE TFM, SESIÓN INFORMATIVA DE PRÁCTICAS, SESIÓN INFORMATIVA DE SAÍDAS PROFESIONAIS, MODIFICACIÓN NON SUBSTANCIAL DO TÍTULO/MEMORIA, RENOVACIÓN DO RESPONSABLE DO PAT, BOLSAS PROPIAS DE MOBILIDADE.

Xullo-Setembro 2023: Dada a mais que suficiente demanda de matrícula no Máster, manténdose a tónica de cursos anteriores, a promoción consistiu exclusivamente no *mailing* personalizado interno a tódolos graduados en Historia, Belas Artes ou Turismo da Uvigo e mais na difusión dun texto informativo básico nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram) da Facultade de Historia.



Infor Master Patrim  
23-24 Español-Galeç

Setembro 2023: Habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), celebrada na aula virtual de *Campus Remoto* o 21/09/2023. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Outubro 2023: Sesión informativa para os alumnos sobre as prácticas externas do Máster, impartida polo Prof. coordinador de Prácticas en *Campus Remoto* o día 16/10/2023. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da materia Prácticas.

Outubro 2023: Acto de presentación ao alumnado do TFM, repartido entre dúas sesións diferenciadas, a primeira adicada á información da organización, estrutura, prazos e procedementos do TFM (*Campus Remoto*, 19/10/2023) e a segunda á presentación de liñas de investigación e oferta de TFMs por parte do profesorado do Mestrado (*Campus Remoto*, 26/10/2023). Ambas sesións foron grabadas, quedando a disposición dos alumnos/as na plataforma MooVi da materia TFM.

Novembro 2023: Sesión informativa para o alumnado das saídas profesionais derivadas do Máster, impartida por Reyes Fernández González, Técnica en orientación laboral da área de emprego e emprendimento da Uvigo, celebrada en *Campus Remoto* o 20/11/2023. A sesión foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Novembro 2023: Conferencia inaugural invitada do Máster, a cargo de Leticia Ruíz Gómez, directora das Coleccións Reais (Patrimonio Nacional, Madrid), titulada "*Patrimonio Nacional: la nueva musealización de las Colecciones Reales*" en sesión *Campus Remoto* o 30/11/2023. A conferencia foi en aberto, de acceso libre a alumnado de grao e público en xeral, e tamén foi grabada, quedando a disposición dos alumnos/as no espazo común da plataforma MooVi do Mestrado.

Confer Leticia Ruiz  
30-11-2023.pdf

Novembro-Decembro 2023: Aprobación e tramitación dunha modificación non substancial do título do Máster para o curso 24-25, en aplicación do establecido no novo decreto RD 822/021 de Organización do Ensino Universitario (BOE 29/09/2023). As modificacións consisten no cambio de rama a ámbito de coñecemento (pasa ao ámbito “*Historia, Arqueología, Geografía, Filosofía y Humanidades*”) e mais na modalidade de estudos (pasa a “virtual”, ao ter mais do 80% dos créditos non presenciais). A modificación foi aprobada na CAM do 20/11/2023 e mais na Comisión Permanente da Fac. de Historia do 23/11/2023.



modelo\_DIM\_mestrado\_25\_26\_cubierto



formulario\_modificacions\_non\_substar



Certificado Mestrado Valoración

Decembro 2023: Renovación do responsable do PAT do Máster, prof. Francisco Javier Pérez Rodríguez, por dimisión do responsable anterior (prof. A. Fernández Fernández). O cambio foi aprobado na CAM do 21/12/2023.



Cambio responsable PAT Má

Maiο 2024: Convocatoria de bolsas propias da Uvigo para mobilidade do Mestrado (2 bolsas de 100 € para desprazamentos diarios sen cambio de residencia, para realizar as prácticas ou TFM); Houbo dúas solicitantes interesadas, pero que finalmente non entregaron a documentación requirida en tempo e forma, de xeito tal que ao final infelizmente as bolsas ficaron desertas.



Convoc Bolsas Mobilid 2024 (ata 27)

---

## IV. CONCLUSIONES

No curso 2023-2024 continuou a tónica dunha demanda de matrícula relativamente alta e estable, neste caso cun total de 42 solicitudes, 3 mais que o curso precedente. No 1º prazo (xullo 2023) xa houbo que valorar e baremar aos candidatos/as, quedando cuberto o cupo de 5 estranxeiros (ficaron 2 solicitantes en lista de espera) e sendo admitidos 17 alumnos nacionais ou do EEES. Non obstante, como infelizmente xa semella ser moi habitual, houbo moitas renuncias voluntarias á matrícula, non completándose a oferta inicial de 22 prazas, o cal fixo necesario abrir o 2º prazo de

inscrición, onde houbo 10 novas solicitudes, e incluso o 3º prazo, con 5 solicitudes máis. Finalmente, tras novas renuncias, o número de alumnos matriculados quedou establecido en 20 persoas, malia que moi posteriormente (a finais de 2023) houbo 2 anulacións voluntarias de matrícula, co resultado de 18 alumnos reais matriculados a partir de xaneiro de 2024.

Parece claro que o interese académico e social de matrícula no Mestrado está estabilizado e sostible nas 20 prazas, manténdose unha media de 19,4 matrículas anuais nas últimas 10 edicións da titulación. No curso 23-24 subiu considerablemente o número de estudantes estranxeiros, a maioría, coma sempre, procedentes de países latinos (5), aínda que tamén é de salientar a novidosa presenza de alumnado procedente de países árabes (2). Respecto ao estudiantado de orixe nacional, mantense invariable a presenza de alumnos da UVigo (7), aumenta lixeiramente a dos procedentes das outras universidades galegas (pasa de 4 a 5), e decae considerablemente a dos que proveñen de universidades do resto de España (pasa de 6 a 1). Estes datos fican resumidos no cadro seguinte:

Curso	Solicit.	Matric.	Estranx. Países Latinos	Estranx. Países Árabes	Estranx. EEES	Uvigo	Univ. Galicia	Univ. España
23-24	42	20	5	2	0	7	5	1
22-23	39	20	1	0	1	7	4	6
21-22	65	21	1	0	1	7	8	4
20-21	33	19	2	0	0	4	6	7
19-20	42	21	2	0	1	8	6	4
18-19	29	16	1	0	1	4	6	4
17-18	33	20	2	0	1	5	6	6
16-17	27	19	3	0	1	s.d.	s.d.	s.d.
15-16	43	20	0	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
14-15	27	18	0	0	0	s.d.	s.d.	s.d.
<b>MEDIAS</b>	<b>38</b>	<b>19,4</b>	<b>1,7</b>	<b>0,2</b>	<b>0,6</b>	<b>6</b>	<b>5,9</b>	<b>4,6</b>

Polo demais, os labores de coordinación académica e docente foron os habituais, xa ensaiados e testados en cursos precedentes: aprobación da PDA e POD para o curso 23-24 (marzo-abril-maio 2023); elaboración, revisión e aprobación das Guías Docentes (xullo 2023); elaboración e aprobación de calendarios, horarios e probas de avaliación (setembro 2023); programación do plan de acción tutorial (PAT); publicación das listaxes de admisión no curso 24-25 nos dous prazos nos que estivo aberta (xullo e setembro 2024).

A totalidade da docencia do Máster continúa a ser *online*, empregándose satisfactoriamente a plataforma de teledocencia *Campus Remoto* implantada pola Uvigo en 2022. A única actividade propiamente “presencial” do Máster son as Prácticas,

onde se seguiu permitindo unha ampliación grande do período de realización, incluíndo os meses de verán (xullo e agosto). Dado o perfil “profesional” de bastantes dos estudantes, 5 deles optaron por convalidar as prácticas, outros 4 optaron pola matrícula a tempo parcial (sen incluír Prácticas nin TFM) e, por último, outros 5 si que decidiron facelas presencialmente.

As accións de índole académica estiveron restrinxidas á unha mínima campaña informativa do Máster canda o 1º prazo de matrícula (xullo 2023), á habitual xornada de orientación e acollida ao alumnado (lévase facendo desde 2017), á duplicación da xornada informativa do TFM (1ª sesión adicada á estrutura/funcionamento do TFM; 2ª sesión de presentación de liñas/temas de TFM ofertadas polo profesorado) e mais á continuidade da celebración dunha Conferencia Inaugural invitada no Máster (a 1ª foi no curso 21-22). Como novidade, tamén se levou a cabo por primeira vez (20/11/2023) unha xornada de orientación laboral sobre as saídas profesionais do Máster, unha das melloras reclamadas no plan de Calidade desde anos precedentes.

Outra das accións académicas foi a da aprobación dunha modificación non substancial do título do Máster para o curso 24-25, en aplicación do establecido na lexislación vixente (BOE 29/09/2023), consistente no cambio de rama a ámbito de coñecemento (ámbito “*Historia, Arqueología, Geografía, Filosofía y Humanidades*”) e mais na modalidade de estudos (“virtual” en vez de “semipresencial”).

Por último, a acción académico-administrativa que tivo mais impacto na coordinación do Máster foi a introdución dunha nova plataforma de xestión académica na Uvigo, denominada SIGMA, cuxa aplicación xerou non poucos problemas na xestión administrativa da titulación, ben sexa na matrícula de alumnos, elaboración de PDA e POD, ou cumprimentación de Actas de avaliación. As dificultades de uso por parte do profesorado e PAS do novo programa, moito mais potente pero tamén moito mais complexo que o antigo *Xescampus*, implicaron demoras no cumprimento dos prazos e protestas xeneralizadas por parte de case toda a comunidade universitaria. Houbo que adaptar o programa á especificidade dalgúns procedementos académicos, como por exemplo a inscrición, tramitación e defensa de Prácticas ou TFM, obrigando a ter que modificar radicalmente os protocolos de actuación que tiñamos establecidos ata o momento. No caso do TFM, ademais, tamén se aplicou de modo xeneralizado o novo Regulamento de TFM aprobado pola CAM a finais do curso precedente (concretamente o 27/07/2023), onde se estableceron novas tipoloxías de tribunais a elección do alumno (unipersoais ou colexiados) e os seus correspondentes formularios administrativos.


O principal obxectivo perseguido por este novo Regulamento, o de facilitar e promover a lectura e defensa de TFM ao seren os tribunais moito mais flexibles e adaptados á especificidade de cada traballo, polo de agora aínda non se ten atinxido. De feito, o baixo número de TFM lidos cada curso académico continúa a ser o meirande problema académico do Máster, endémico desde a pandemia, aínda pendente dunha solución que resulte minimamente eficiente e satisfactoria, tal como demostran os

datos recollidos no cadro seguinte.

Curso	TFMs defendidos	TFMs inscritos para defensa	Porcentaxe TFMs defendidos/inscritos
23-24	9	22	40,9 %
22-23	10	32	31,3 %
21-22	8	26	30,8 %
20-21	8	22	36,4 %
19-20	16	27	59,3 %
18-19	9	22	40,9 %
17-18	19	31	61,3 %
16-17	13	26	50,0 %
<b>MEDIAS</b>	<b>11,5</b>	<b>26</b>	<b>43,8 %</b>

O número de TFMs lidos no curso 23-24 (9) segue unha tónica similar á dos 3 cursos precedentes, sensiblemente por baixo da media dos últimos 8 anos (11,5), aínda que si se constata unha certa recuperación da *ratio* entre TFMs defendidos e inscritos, que sobe 10 puntos ata case o 41%, a penas 1,9 puntos por baixo da porcentaxe media. Anceiamos que esta tendencia moderadamente alcista, certamente baixa pero alomenos relativamente estable, se consolide e incremente nos próximos cursos.

Ourense, a 3 de decembro de 2024



Asdo. Fermín E. Pérez Losada  
Coordinador do Máster Pat. Cult. Uvigo